

ATRANQUE DE BAMA



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_ReXM_0007_001_en_0_10_14_B_id413_D

AUDIO DE REFERENCIA: MPG_ReXM_0007_001_en_0_10_14_B_id413

FICHA PARA O APOI:

Época e ano: Entroido. 26 de febreiro de 1984.

Parroquia: San Vicente de Bama

Concello: Touro

Provincia: A Coruña

Recolledores:

Xosé Manuel González Reboredo e Xosé Ramón Mariño Ferro

Informantes/actores:

Veciños e naturais da parroquia que ese ano actuaban na mascarada de Entroido.

Soporte da gravación orixinal: Colección Reboredo, casete c007

Texto: Atranque de xenerais.

Transcrición e análise: Xosé Manuel González Reboredo

CAMPOS TEMÁTICOS

Festas universais do ciclo anual (Entroido) e Teatro Popular.

NOTAS DA EDICIÓN

En principio non hai que facer cortes, pois todo o conxunto é o atranque e o ambiente que o acompaña. Posiblemente poderían acurtarse os intervalos entre as actuacións dos xenerais, nos que se sente só son ambiental, deixando só unha breve pausa. O mesmo pode suceder ao comezo.

Polo que puiden comprobar, o son desta gravación non permite oír con claridade as palabras dos actores, pero é interesante porque reproduce a entoación que utilizan.

PALABRAS CHAVE

Antroido, Entroido, xenerais, A Ulla, atranque

Texto completo do atranque :

(Campo da festa. Un centinela vestido con uniforme militar e armado dunha escopeta agarda a un correo, que se achega a cabalo)

CENTINELA.- Alto. Alto. Alto./ Si das un paso más/ sin vida vas a quedar./ No permito que un extraño/ me intente avasallar.

CORREO.- Aparta a un lado, centinela/ y no me hables tan malamente./ O es que eres imbécil/ o sólo un pobre demente.

CENT.- Tengo el arma preparada/ y dispuesta para disparar./ Si intentas cruzar/ aquí te voy a matar.

CORR.- Afina la puntería/ y dispara sin vacilar, / que en vez de retroceder/ lo que voy es avanzar.

CENT.- Jamás cruzarás la frontera/ como acabas de decir./ pero si tienes pena con la vida/ aquí vas a morir.

(Comenza o son gravado)

CORR.- Hablas mucho de mi muerte/ cosa muy equivocada;/ quien peligras es tu cabeza/ con el filo de mi espada.

CENT.- El peligro que tu me hablas/ no me puede hacer temblar; / ¿o es que crees que soy inválido / y no puedo disparar?

CORR.- Las armas en manos de un hombre/ pueden sembrar el terror./ Pero si se las das a un niño/ ya no tienen ningún valor.

CENT.- Un engendro como tú/ no sé donde ha podido crecer, /pues en España a los monstruos/ los matamos al nacer.

CORR.- Debe ser cosa del traje/ o soy yo quien te reflejo,/ pues en vez de verme a mí/ te estás viendo en un espejo.

CENT.- Voy a avisar a mis superiores/ de lo que acabo de oír/ y antes de acabar la tarde/ pienso verte morir.

CORR.- Pues yo tampoco estoy solo/ y a los míos voy a avisar, / que un soldado armado/ no me ha dejado cruzar.

(retíranse o centinela e o correo e entran dous xenerais)

XENERAL ESPAÑOL.- Me acaban de informar/ de la disputa en la frontera./ ¡A ver quien es ese chulo/ que habla tanto de guerra!

XENERAL RUSO.- Soy un general ruso/ de patrulla por Occidente/ para demostrar a la OTAN/ cual es el bloque más potente.

XE. ESP.- Vienes muy equivocado/ si traes esa intención/ porque más de una derrota/ vas a sufrir una humillación.

XE. RU.- No hay ejército en el mundo/ que nos pueda derrotar, / tenemos el mejor ejército/ que se pueda soñar.

XE. ESP.- Ese ejército que tú dices/ lo acabas de imaginar/ porque para derrotar al vuestro/ no hace falta ni ser militar.

XE. RU.- Rusia os va a enseñar/ que no tenéis con que os defender/ de su buen ejército/ y de su inmenso poder.

XE. ESP.- Los rusos a España/ poco vais a enseñar, / ya visteis en el 36/ como tuvisteis que marchar.

XE. RUS.- Me hablas de una guerra/ que jamás hemos perdido/ pues fuisteis los españoles/ quien os habéis destruido.

XE. ESP.- Aunque te empeñes en negarlo/ la historia no miente/ y la victoria del pasado/ la repetiremos en el presente.

XE. RU.- Ni entonces salimos derrotados/ ni ahora lo haremos,/ pues es imposible perder/ con las armas que tenemos.



XE. ESP.- Avisaré a mis aliados/ de lo que acabo de escuchar / y en el campo de batalla/ vamos terminar de hablar.

XE. RU.- Yo voy hacer otro tanto/ a ver quien tiene razón/ y en el campo de batalla/ tendremos la solución.

XE. ESP.-Pues avísalos a todos/ y que no tarden en venir/ principalmente al americano/ que va a ser el primero en morir. (¿?).

(saen os primeiros xenerais e entran outros)

XENERAL AMERICANO.- Soy un general estadounidense/ y traigo pleno poder/ para destruir Rusia/ si nos vuelve a ofender.

XENERAL RUSO.- Las amenazas de Reagan/ no nos van asustar/ son locuras de un chiflado/ que nunca va a realizar.

XE. AME.- Tus insultos son muy duros/ y nunca los debiste hacer/ ya que es el trigo americano/ el que os da de comer.

XE. RU.- Si nos vendéis cereales/ es porque os los pagamos/ pues nunca podréis decir/ que el trigo os lo robamos.

XE. AME.- Robarnos nunca podréis/ porque somos muy superiores/ y en el campo militar/ no tenemos competidores.

XE. RU.- Somos la mayor potencia/ de la era espacial/ y vamos destruir/ todo el mundo occidental.

XE. AM.- Nunca lograréis/ lo que acabas de decir,/ pero por un sueño / también se puede vivir.

XE. RU.- El payaso de Reagan/ aún se cree que está en el cine/ y que el papel de bueno/ sólo el lo tiene.

XE. AME.- Con la instalación en Europa/ de los famosos misiles/ nos pediréis perdón/ arrastrándoos como reptiles.

XE. RU.- Destruiremos los misiles/ y las bases militares, / sólo quedará de España/ un montón de cadáveres.

XE. AME.- Avisaré a la OTAN/ de tus últimas palabras/ y de que en el Kremlin/ estáis todos como cabras.

XE. RU.- Yo avisaré también/ para que estén bien informados/ de los insultos contra ellos/ hoy aquí escuchados.

(entran novos xenerais, que substitúen aos anteriores)

XENERAL AMERICANO.- Si eres tú ese ruso/ que tanto hablas de guerra/ comenzaremos la lucha/ aquí mismo en la frontera.

XENERAL RUSO.- Veo por tus palabras/ que tienes prisa en morir/ y te aseguro por mi honor/ que lo vas a conseguir.

XE. AME.- Ya tenemos los misiles/ listos para disparar/ y si no os rendís ahora/ pronto van a estallar.

XE. RU.- Los SS-20 famosos/ ya están neutralizados/ por nuestras armas / y las de los aliados.

XE. AME.- Pronto surcarán el cielo/ con rumbo desconocido,/ aunque todos estallarán/ en su lugar elegido.

XE. RU.- Reagan está chiflado/ y además es un bocazas/ si cree que nos asusta/ sólo con esas amenazas.

XE. AME.- La muerte de Andropov / de forma tan misteriosa/ fue por el miedo que le tenía/ que no fue por otra cosa.

XE. RU.- La muerte de Andropov/ fue de lo más normal/ como pasan a cientos/ en cualquier hospital.



XE. AME.- El atentado de Bernief hijo/ fue otra causa de su muerte, / pues desde ese día/ su salud jamás fue fuerte.

XE. RU.- Sólo en la mente de los yanquis/ tal atentado ocurrió/ porque en realidad/ eso nunca ocurrió.

XE. AME.- La dictadura soviética/ todo intenta negar/ y como oculta las pruebas/ nada se puede probar.

XE. RU.- Cuando no se sabe nada/ lo mejor es estar callado,/ y si uno quiere hablar/ hay que estar bien informado.

XE. AME.- En eso tiene razón/ y la paz vamos a firmar/ deseando que nunca nadie/ nos las vuelva a quitar.

(Fin da representación. Despois de rematar o debate os xenerais dan vivas diversos)









Contexto etnográfico.- Moitas parroquias situadas na comarca da Ulla e o seu contorno, entre as provincias da Coruña e Pontevedra, teñen dende hai máis de cen anos unha forma peculiar de celebrar o Entroido, ben sexa nas mesmas datas desta festa como en datas algo anteriores ou posteriores. Polos informes etnográficos do último medio século, e por algúns outros anteriores, sabemos que nelas se formaban mascaradas cun coro de mozos e mozas, outro chamado “de vellos”, un conxunto de máscaras diversas, como gardas civís, militares, sacamoas, limpabotas, xitanos, etc., e mesmo, en ocasións, carrozas pequenas. Pero a mascarada está presidida polas figuras dos *xenerais*, asistidos por unha especie de subalternos chamados *correos*, todos eles montados normalmente a cabalo.

Os xenerais visten traxes cheos de bandas e condecoracións que imitan os dos militares de época napoleónica e postnapoleónica; nos momentos culminantes da súa actuación cubren a cabeza cun bicornio adornado con plumas. Os correos levan unha vestimenta semellante, pero o sombreiro cambia, pois adoita ser circular e adornado con flecos e contas de colar. A mascarada percorre normalmente os lugares da parroquia e neles os coros interpretan as súas cancións e os xenerais pronuncian sonoros *vivas* aos veciños da parroquia e tamén a invitados de outras parroquias. Nalgunha ocasión prodúcese nun dos lugares un pequeno *atranque ou alto*, breve enfrontamento verbal entre dous membros da mascarada ou entre un veciño do lugar e un membro da mascarada, acabando sempre cun acordo de paz e de convivencia festiva. Pero o *atranque* principal, do que é un exemplo o aquí reproducido, ten lugar ao final do percorrido, no campo da festa ou nun lugar central da parroquia. Nel os xenerais e correos, e ás veces un centinela, enfróntanse verbalmente mediante alusións a temas de política mundial, estatal ou local, ata que rematan asinando a paz e dando *vivas* á mascarada e á parroquia.

As mascaradas da Ulla e o seu contorno son, dende unha perspectiva antropolóxico-social, un exemplo de afirmación festiva da parroquia como unidade de convivencia, pero respectando a identidade dos segmentos inferiores, como o lugar (aldea), reconecido nalgúns atranques menores, e a *casa*, centro de convivencia familiar que se manifesta na importancia de dar os *vivas* a todos os cabezas de casa da parroquia. Dende o punto de vista lingüístico é de sinalar que nos *atranques* utilízase as máis das veces a lingua castelá nun contexto onde a lingua galega é a habitual, e isto ten unha sinxela explicación: eles imitan a militares de verdade, e a súa experiencia demóstralles que os militares auténticos nunca falan en galego, senón que utilizan o que podemos chamar “linguas de estado”, no caso do estado español o castelán.

Referencia bibliográfica.- X. M. González Reboredo/ X. R. Mariño Ferro:
Entroido en Galicia, A Coruña, Deputación provincial, 1987.



Currículo de Xosé Manuel González Reboredo.- Naceu en Lugo en 1946. Estudou Filosofía e Letras (Sección de Historia) na Universidade de Santiago, na que se licenciou en 1968 e doutorou en 1974, exercendo a docencia durante anos como Catedrático de Instituto. Sendo estudante en Compostela iniciou a súa formación en Etnografía e Arqueoloxía de Galiza con Fermín Bouza-Brey no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, institución na que foi Xefe da Sección de Etnografía. Desenvolveu tamén unha intensa actividade como membro da Sección de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega entre 1987 e 2007 e pertence ao Consello de Cultura da Exma. Deputación Provincial de Lugo, así como á Real Academia Galega como correspondente. Incorporouse ao Padroado do Museo do Pobo Galego dende a súa fundación en 1976, e na actualidade é coordinador do Instituto de Estudos das Identidades deste museo. Leva publicados, individualmente ou en colaboración, máis de cento e medio de libros, artigos e relatorios de congresos. Realizou traballo en terras de Lugo, no occidente de León e noutras zonas de Galiza.

Currículo de Xosé Ramón Mariño Ferro.- Natural de Castrofeito (O Pino-A Coruña, 1950), realizou estudos nas Universidades de Santiago e Complutense de Madrid, onde se licenciou e posteriormente doctorou en Antropoloxía americana cunha tese sobre unha comunidade quechua do altiplano de Bolivia. Na actualidade é profesor titular de Antropoloxía na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago. Publicou máis de vinte libros sobre Galiza, dedicados a temas como bruxería, o Entroido, romarías, simbolismo animal ou contos maravillosos, así como numerosos artigos e ponencias en congresos ou cursos. No ano 2008 obtivo o premio “Ángel Carril” de Antropoloxía, convocado pola Exma. Deputación provincial de Salamanca. Realizou traballo de campo en Bolivia e en diversas localidades de Galiza.